



## Concello de Boiro

# ANUNCIO

### **PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS E PROPOSTA DE BOLSA DE EMPREGO – AXENTE PROSPECTOR**

Transcríbese a continuación a acta do tribunal donde constan as puntuacións definitivas e a proposta de bolsa de emprego do proceso selectivo:

#### **“ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A PROVISIÓN EN REXIME LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE AXENTE PROSPECTOR E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO**

**SESIÓN DO 05/01/2021**

#### **Asistentes:**

Presidenta:

María Mariño Poza

Vogais:

Samuel Rodríguez Lado

Cesar Tarela Pérez

Belén Ordoñez Martínez

Secretario:

Martín Blanco Buceta

Na Casa Consistorial de Boiro sendo as 12.30 horas do 05/01/2021, reúnen-se os membros do tribunal designado ca finalidade de confeccionar un sistema de lista para a provisión con carácter laboral temporal de axente prospector.

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas por Resolución de Alcaldía de data de 03/12/2020 publicadas no BOP número 210 de data 09/12/2020.

O obxecto desta convocatoria é a resolución das alegacións presentadas así como a elaboración da proposta da listaxe de contratación.

### **1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS.**

**1.1** O candidato José Salvador P\* presentou as seguintes alegacións:

1ª Solicita a exclusión do proceso selectivo da candidata Cristina C\* alegando que esta candidata non figuraba previamente na listaxe definitiva de admitidos/as.

- Unha vez revisada a documentación obrante no expediente, pode apreciarse que a candidata Dª Cristina C\* con DNI 34266\* presentou a documentación en tempo e forma con data 11/12/20 e número de rexistro de entrada 10942. Igualmente se comproba que consta como candidata definitivamente admitida neste proceso selectivo na resolución de data 21/12/2020, aínda que sí se pode apreciar que na transcripción dos datos existiu un erro na transcripción do seu número de DNI, que foi detectado, corrixido e subsanado nas seguintes actuacións deste tribunal, de conformidade co previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (As administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 5CAGGPPM5Y96FRW4LTT CGPXA.J | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



## Concello de Boiro

---

*instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos).*

2ª Alega que *“no segundo exercicio, e a desenrolar os 3 supostos prácticos, obténdose unha puntuación de 5.25; a todas luces non concordante coa exposición feita no exame a xuízo do relator, pois fálase de expor diferentes extratexias e xeitos de facer entendendo que reflectíronse todos os posibles, e podendo así obter un mínimo de 8 puntos”*

- Unha vez revisada a proba e realizada a conseguinte valoración técnica, este tribunal, por unanimidade, resolve desestimar a alegación presentada, mantendo a puntuación outorgada inicialmente.

3ª Alega que *“na fase de concurso, prevaloración de méritos; sae unha puntuación de 2.2 puntos, non téndose en conta os acadados na experiencia como prospector na empresa privada, e segundo a documentación que consta no dpto.. de RR.HH. correspondendo a valoración por 11 meses de traballo efectivo desenrolando tarefas de “Axente prospector de emprego” e na Fundación CIP, certificado de empresa presentado no seu momento; obtendo así 1.1 puntos (a razón de 11 meses x 0.10) adicionais máis, corresponde ´endome un total de 3.3 puntos)”*

- No punto 8.2 das bases que rexen esta convocatoria, faise constar que *“para acreditar a experiencia profesional deberá achegarse informe de vida laboral e contrato/s de traballo onde conste expresamente o posto”*.

Na documentación aportada por D. Salvador P\* non se adxunta ningún contrato de traballo.

En canto ó certificado aportado da Fundación Cip asinado con data 30/11/2019 fai constar que *“D. José Salvador P\* ha prestado sus servicios para nuestra entidad desde diciembre de 2018 hasta la actualidad ...”*. Non se pode ter en conta este período por dúas circunstancias: A primeira é que non se aporta contrato de traballo, e a segunda é que na vida laboral as datas que constan de alta na Fundación Cip son do 22/07/19 ó 30/09/19, do 01/10/19 ó 31/12/19 e do 02/01/20 ó 13/01/20, períodos non coincidentes en ningún caso ca certificación aportada. Nesta certificación veñen incluídos períodos nos que interesado consta como activo cando no informe de vida laboral consta en situación de “prestación por desemprego”.

### **1.2.-** A candidata Ana Mª A\* presentou as seguintes alegacións:

1ª Alega que *“se valore como mérito a experiencia como “Técnico de emprego inclusivo na Asociación Ambar ...”*

- No punto 8.2 das bases que rexen esta convocatoria, faise constar que *“para acreditar a experiencia profesional deberá achegarse informe de vida laboral e contrato/s de traballo onde conste expresamente o posto”*.

*Na documentación aportada consta o contrato de traballo no posto de “Técnico de emprego inclusivo”, alegando que nesta prestación de servizos as funcións desempeñadas teñen similitude e correlación cas funcións do posto de axente prospector, pero non aporta ningún tipo de documentación oficial, informe ou certificado de empresa asinado donde se especifique o tipo de tarefas e funcións desempeñadas durante esta prestación de servizos.*

---

## Concello de Boiro





## Concello de Boiro

2ª Alega que “se valore como mérito a experiencia laboral de Axente de Emprego da mancomunidade Arousa Norte, ...”

- Unha vez analizada a documentación presentada en relación a esta prestación de servizos, consta un contrato de AEDL e un certificado de empresa donde constan as funcións e tarefas desenvolvidas neste periodo (Asesoramento a persoas desempregadas. Orientación laboral. Proxectos de fomento do emprendemento. O asesoramento a emprendedores e empresarios. Prospección de subvencións.), non poden considerarse, aínda non tendo en conta o seu peso específico, como tarefas equiparables ás de axente prospector, si non máis ben ás de orientación laboral.

3ª Solicita que “se consulte ca Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Xunta de Galicia que Xestiona os Programas Integrados de Emprego de Galicia, a valoración da experiencia antes mencionada ...”

- Os criterios para a valoración da experiencia profesional veñen especificamente establecidos no punto 8.2 das bases de selección aprobadas por resolución de alcaldía de data 03 de decembro de 2020 e publicadas no BOP de data 09 de decembro de 2020, sen que conste presentado ningún tipo de recurso ou reclamación ás mesmas.

Igualmente, consta nomeado un tribunal de selección designado ó efecto cuxa función é levar a cabo a selección dos candidatos de conformidade cos criterios establecidos nas bases de selección para garantir a obxectividade de actuación, podendo dispoñer no caso de considerarse necesario da incorporación ó mesmo de técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

### 2.- PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS:

Unha vez sumadas as puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición, resultan as seguintes puntuacións:

Nº	NIF	NOME	TOTAL PUNTOS 1º EXERCICIO	TOTAL PUNTOS 2º EXERCICIO	TOTAL PUNTOS MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL
1	490700	AINARA ES	6	5	0	11
2	448425	ANA MARIA	7,5	9,25	0	16,75
3	787892	ASUNCION	7,25	5,5	0	12,75
4	458612	CESAR COR	8,75	9,5	5	23,25
5	788065	CRISTIAN	5,75	3,25	0	9
6	342666	CRISTINA	7,25	7	3	17,25
7	448407	CRISTINA	8	6,25	0	14,25
8	349955	DANIEL GA	7,25	5,75	0	13

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 5CAGGPPM5Y96FRW4LTT CGPXAJ | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



## Concello de Boiro

9	524587	JOSE SALV	7,75	5,25	2,2	15,2
10	534857	LIDIA LOJ	8,25	6	0	14,25
11	448249	MANUEL RO	6,75	5	0	11,75
12	529334	MARIA CAR	9,25	5	0	14,25
13	534898	MARIA LET	7,25	5	0	12,25
14	448170	MARTA CAN	5,25	6,25	0	11,5
15	767320	SANDRA LO	6,75	6,75	0	13,5
16	788060	VANESA AL	6,75	5	0	11,75

### 3.- PROPOSTA DE LISTAXE DE CONTRATACIÓN:

Segundo a base 9ª das bases que rixen este proceso selectivo, concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará a proposta de listaxe de provisión temporal.

Así, o tribunal, por unanimidade, acorda propoñe-la seguinte listaxe de cobertura laboral temporal de axente inspector:

Nº ORDE	NIF	NOME
1	458612	CESAR COR
2	342666	CRISTINA
3	448425	ANA MARIA
4	524587	JOSE SALV
5	448407	CRISTINA
6	534857	LIDIA LOJ
7	529334	MARIA CAR
8	767320	SANDRA LO
9	349955	DANIEL GA
10	787892	ASUNCION
11	534898	MARIA LET
12	448249	MANUEL RO
13	788060	VANESA AL
14	448170	MARTA CAN
15	490700	AINARA ES

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 14:30 horas do día da data, do que eu, secretario do tribunal dou fe."

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

O secretario do tribunal, Martín Blanco Buceta

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 5CAGGPPM5Y96FRW4LTT CGPXA.J | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4